

**Acta núm. 07/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 19 de abril de 2022.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
José Luis Sampedro Bouzas.
Sandy Marie Cebral Gómez.
Carlos Noya Pereira.
Non asiste: María Rosa Romero Fariña.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 19 de abril de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 06/2022, DO 05.04.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) RENUNCIA DE LICENZA OBRA MAIOR.
- 6º) LICENZAS DE SEGREGACIÓN.
- 7º) COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 06/2022, DO 05.04.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 05.04.2022, acta núm. 06/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCOS QUINTÁNS ABALO, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta nunha parcela sita en San Salvador nº 26. A piscina será do tipo 3B segundo definición do Decreto 119/2019, terá unhas dimensións aproximadas de 20,13 m²., e situarase a máis de 3 metros de tódolos lindeiros. A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral 7522905NH2475S0004MX) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- 2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 - .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 245,42 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 309,99 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Roger Fernández Girona, que di actuar en representación de SOLAR PROFIT ENERGY SERVICES SL, na que comunica que vai realizar a instalación de placas solares para autoconsumo nunha vivenda sita na Avda. dos Ánxeles nº 17; as placas (9 módulos) instalaranse sobre a cuberta da construción anexa, destinada a garaxe, e a conexión coa edificación principal será soterrada.

A parcela (referencia catastral 56550160NH2465S0001ZG) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 102,46 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 167,03 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Mª ESPERANZA ROJO CHICO, na que comunica que vai construír un peche diáfano no fronte dunha parcela sita en Gundín -Os Ánxeles, de aproximadamente 61 metros lineais, en contacto cunha vía pública (AC-543) de titularidade autonómica.

A parcela (referencia catastral 5140801NH2454S0001OJ), na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, a vista da autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, para as zonas de protección da estrada AC-543 (expte nº: IF204A/AC/2021/1325), e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche situarase mínimo a distancia recollida no plano adxunto á autorización sectorial, no que se recolle a delimitación de dominio público na estrada AC-543. Pk 11+320 (ME).
- A altura máxima do peche diáfano será de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 5,25 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 69,82 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR

a) Deuse conta dunha instancia asinada por ISABEL VIGO FERNÁNDEZ, na que comunica que vai arranxar unha tubería privada de abastecemento de auga a unha vivenda sita en Romarís nº 4,- Bastavales

A actuación, segundo o plano achegado, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o disposto na Lei 2/2016 do solo de Galicia, en base a Disposición Transitoria 1ª da mesma.

A Srª. Concelleira Cebal Gómez abstense no debate e votación deste asunto ao manifestar que concorre nela causa de abstención do art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 9,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 73,77 euros.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA ELENA DOSIL PIAS, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Cirro 36 – San Salvador, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26.03.2021 (expte. núm. 2101640).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral nº 7732509NH2473S0001XI) emprázase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural en áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), e atópase dentro da zona de policía do rego de Cirro.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 23.02.2022 (expte. DH.W15.82301), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26.03.2021 (expte. núm. 2101640).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das allñacións establecidas no planeamento (aceptado pola Xunta de Goberno Local do 06.11.2019), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cms. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de

construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.860,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.956,03 euros.

QUINTO.- RENUNCIA DE LICENZA OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por CRISTINA VENCES LÓPEZ, na que expón que a Xunta de Goberno Local do Concello con data 30.11.2021, concedeulle licenza de obra para a construción dunha vivenda unifamiliar en Brans de Abaixo 38- Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Roi Feijoo Rey, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03.11.2021 (expte. núm. 2104840); e que a día de hoxe non vai construír a vivenda proxectada, polo que renuncia á licenza concedida. Comprobouse que non foi iniciada a construción.

Vistos os informes favorables da arquitecta e do asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento da renuncia presentada pola interesada da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 30.11.2021 para a vivenda unifamiliar illada que se ía construír en Brans de Abaixo 38- Brión.

2º) Que se proceda á tramitación do expediente de devolución do ICIO, previo informe de intervención.

3º) Notificar o presente acordo a interesada.

SEXTO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Margarita Sánchez Vázquez, que di actuar en representación de CARMEN PÉREZ GUISANDE, na que solicita licenza para agregación e posterior segregación de tres parcelas, sitas no lugar de Saime – Bastavales segundo proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica agrícola Cristina Sánchez Vázquez e visado con data de 03.03.2022, visado núm. 20220218.

Descrición das parcelas de orixe:

1 .- Finca urbana.

Referencia catastral: ten dúas 4927103NH2442N0001WJ e 4927106NH2442N0001YJ.

Superficie: 3.523,88 m2.

Clasificación: Encontrase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: con casa e corrais de Ramón Pazos e camiño.

Sur: Pablo Lago Sanmartín e Carmen Pérez Guisande.

Leste: coas parcelas resultantes e provintes da división da finca número 308 do plano de Concentración Parcelaria dos Ánxeles, propiedade de Carmen Pérez.

Oeste: María Soledad Pazos Patiño, Pablo Lago Sanmartín e camiño veciñal.

Na zona norte da finca, aséntanse tres edificacións destinadas a vivenda, almacén e pallal.

2.- Finca denominada “SOUTO DE FORA”.

Referencia catastral: 4927107NH2442N0001GJ.

Superficie: 100,05 m2.

Clasificación: Encontrase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: finca de Carmen Pérez Guisande.

Sur: Manuel Fernández Landeira, agora Carmen Pérez Guisande.

Leste: Carmen Pérez Guisande.

Oeste: camiño.

3.- Finca denominada “SOUTO DE FORA”.

Referencia catastral: 4927108NH2442N0001QJ.

Superficie: 98,03 m2.

Clasificación: Encontrase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: Isaura Rodríguez Brenlle, agora Carmen Pérez Guisande.

Sur: María Soledad Pazos Patiño.

Leste: Carmen Pérez Guisande.

Oeste: camiño.

Agrupación e Posterior Segregación:

As parcelas descritas baixo os números dous e tres, agréganse á parcela descrita baixo o número un, formando unha finca de: 3.721,96 m2.

Segregación pretendida:

1.- Parcela segregada

Superficie bruta: 1.000 m2 .

Superficie de cesión: 32,42 m2.

Superficie neta: 967,58 m2.

Clasificación: Encontrase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1)

Lindes:

Norte: resto da finca resultante de agregación

Sur: Pablo Lago Sanmartín e María Soledad Pazos Patiño.

Leste: resto da finca resultante de agregación.

Oeste: Pablo Lago Sanmartín e María Soledad Pazos Patiño.

2.- Resto da finca resultante de agregación

Superficie bruta: 2.721,96 m2.

Superficie de cesión: 109,47 m².

Superficie neta: 2.612,49 m²

Clasificación: Encontrase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: con casa e corrais de Ramón Pazos e camiño.

Sur: coa parcela segregada e Pablo Lago Sanmartín.

Leste: coas parcelas resultantes da división da finca número 308 do plano de Concentración Parcelaria dos Ánxeles, propiedade de Carmen Pérez.

Oeste: camiño veciñal e parcela segregada.

Sobre esta parcela quedan situadas as edificacións xa mencionadas.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de: 32,42 m², e 109,47 m², o abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Francisco Nieto Pais, que di actuar en representación de MARÍA GLORIA CHAVES GUILLERMES, na que solicita licenza para segregación e agrupación de dúas parcelas rexistras (7024 e 7435) con referencia catastral nº 0473203NH2407S0001AW sitas no lugar de Ombre – Viceso, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros agrónomos de Galicia, visado (nº 14518-1) de data 14.03.2022.

Descrición da parcelas de orixe, (ambas coa mesma referencia catastral)

a.- Identificación da finca 1 (finca nº 73), no lugar de “Tras Pedrouso”

Referencia catastral: 0473203NH2407S0001AW

Superficie: 4.406 m².

Clasificación: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRO-2).

Lindes:

Norte: carretera a Forxán.

Sur: camiño de concentración parcelaria.

Leste: Castor Chaves Molde (74) antes Mercedes Sanda.

Oeste: Francisco Sandá (72), antes Benedicta Oroña Basante.

Sobre esta finca encontrase enclavada unha edificación dedicada a nave agrícola.

b.- Identificación da finca 2 (finca nº 74), no lugar de “Tras Pedrouso”.

Referencia catastral: 0473203NH2407S0001AW .

Superficie: 1.786 m².

Clasificación: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRO-2)

Lindes:

Norte: camiño de concentración parcelaria.
 Sur: camiño de concentración parcelaria.
 Leste: herdeiros de Saturnino Sandá Lueiro (75).
 Oeste: Castor Chaves (73) antes José Moldes.

Segregación da porción leste da parcela nº 73:

Da parcela nº 73 segregase unha porción de terreo coa finalidade de agrupala á finca contigua (finca nº 74), deste xeito mantéñense o número de parcelas iniciais.

Superficie segregada: porción leste da finca nº 73 de C. parcelaria: 1.460 m²., **denominada finca 73-B:**

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRO-2).

Lindes:

Norte: camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria e Ordenación Rural.
 Sur: camiño de concentración parcelaria.
 Leste: María Gloria Chaves Guillerme (74).
 Oeste: Resto da finca matriz (73-A).

Agrupación:

A porción segregada da finca n.º 73 (**73-B**) agrúpase á parcela contigua; finca **nº 74**, dando como resultado o mesmo número de parcelas que as iniciais (regularización), pero con distinta configuración.

Novas parcelas resultantes:

A - Finca 73-A: Resto da finca 73, despois de segregar a porción anteriormente descrita.

Superficie bruta: 2.946 m².
 Superficie de cesión: polo vial norte de 49 m², polo vial sur de 166 m²; Total cesión: 215 m².
 Superficie neta: 2.731 m².
 Clasificación: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRO-2).

Lindes:

Norte: camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.
 Sur: camiño de concentración parcelaria.
 Leste: parcela segregada (74-73B), que se describe a continuación.
 Oeste: Francisco Sandá (72), antes Benedicta Oroña Basante.

Sobre esta finca queda enclavada a edificación dedicada a nave agrícola.

B - Finca número 74-73-B:

Superficie bruta: 3.246 m².
 Superficie de cesión: 119 m².
 Superficie neta: 3.127 m²

Clasificación: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as areas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRO-2).

Lindes:

Norte: camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Sur: camiño de concentración parcelaria.

Leste: herdeiros de Saturnino Sandá Lueiro (75).

Oeste: María Gloria Chaves Guillerme (73-A), descrita anteriormente

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de: 215 m², e 119 m², o abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA TERESA VILOUTA CASAIS e MARÍA JOSEFINA SALGADO VILOUTA, na que solicita licenza para segregación dunha parcela (referencias catastrais núm. 6940501NH2464S0001GZ e 15013B505006620000MS), sita no lugar de Estrar – Os Ánxeles, segundo proxecto técnico redactado polo arquitecto J. Ángel Canabal Chamosa, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 23.09.2021 (expte núm. 2105675), e o posterior proxecto refundido visado con data 10.02.2022, así como a documentación complementaria presentada en data de 05.04.2022.

Descrición da parcela de orixe:

1 .- Parcela A: parcela matriz

Referencias catastrais: conta con dúas referencias catastrais: 6940501NH2464S0001GZ e 15013B505006620000MS.

Superficie: 6.125 m².

Clasificación urbanística: conta con tres calificacións urbanísticas.

NRL-1: 3.207,74 m².

NRL-2: 538,10 m².

Rústico de cauces: 2.379,16 m².

Total: 6.125 m².

Lindes:

Norte: Regato de Sanín.

Sur: camiño ao lugar de Estrar.

Leste: Parcelas coas seguintes ref. catastrais: 15013B505006710000MB, 690511NH2464S0001OZ, 6940502NH2464S0001OZ e 6940503NH2464S0001PZ

Oeste: Estrada AC-300.

Sobre a parcela aséntase unha vivenda unifamiliar, composta de planta semisoto, planta baixa e planta baixo cuberta, para un total de 420 m² construídos.

2.- Segregación pretendida. Novas parcelas resultantes:

A.- Resto da parcela matriz, denominada Parcela B.

Superficie bruta: 4.137,00 m².

Superficie. de cesión: 87,54 m² (camiño de entrada a aldea/ 4 metros do eixo).

Superficie neta; 4.049,46 m².

Clasificación urbanística: ten tres solo de núcleo rural (NRL-1 e NRL-2) e en parte en solo rústico de protección de cauces (RC).

NRL-1: 1.684,54 m2.
NRL-2: 73,30 m2.
Rústico de cauces: 2.379,16 m2
Total: 4.137,00 m2

Lindes:

Norte: Regato de Sanín.
Sur: Parcela C segregada e camiño ao lugar de Estrar.
Leste: Parcela segregada e parcela con ref. catastral: 15013B505006710000MB.
Oeste: Estrada AC-300.

Sobre esta parcela aséntase unha vivenda unifamiliar.

B. Parcela segregada, denominada Parcela C.

Superficie bruta: 1.988,00 m2.
Superficie. de cesión: 75,00 m2 (camiño de entrada a aldea/ 4 metros do eixo).
Superficie neta: 1.913,00 m².
Clasificación urbanística: ten dúas; solo de núcleo rural (NRL-1 e NRL-2).
NRL-1: 1.523,20 m2.
NRL-2: 464,80 m2.
Total: 1.988,00 m2.

Lindes:

Norte: Resto parcela matriz, denominada parcela B, segregada.
Sur: camiño ao lugar de Estrar.
Leste: Parcelas coas seguintes ref. catastrais: 15013B505006710000MB, 690511NH2464S0001OZ, 6940502NH2464S0001OZ e 6940503NH2464S0001PZ
Oeste: Estrada AC-300.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 87,54 m², e 75,00 m², o abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

SÉTIMO.- COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Aser Juan Goyanes Torreiro, que di actuar en representación de SARA GARCÍA PAZOS, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de actividade dun local destinado a oficina de sistemas de seguridade, emprazado na planta alta, local nº 3, do edificio nº 38 da Avda. de Noia- Os Ánxeles, Brión.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de José Blanco Redondo e preténdese poñer a nome de Sara García Pazos, para desenvolver a actividade de prestación de servizos de estudio e análise de procesos informáticos.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de, actividade do local sito na planta alta, local nº 3, do edificio nº 38 da Avda. de Noia- Os Anxeles, Brión, a nome de Sara García Pazos, con NIF: ***6714**.



OITAVO .- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González